

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

### , ACTA Nº 2020/4

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DA CULTURA, LUNS 15 DE XUÑO DE 2020 -

No día de hoxe, ás 09:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación, na casa da cultura do Concello de Cerdido, co gallo de manter o distanciamento social recomendado polo Ministerio de Sanidade pola crise do Covid -19

**Preside:** Benigno Galego Castro

**Asisten:** Patricia Santalla Perez, Marina Tojeiro Martinez, David Prada Aneiros, Candido-Eusebio Prieto Lago, Maria-Amalia Diaz Rodriguez, Alberto Javier Rey Paz

**Ausencias:** Cristian Carrodegas Graña, Rocio Martinez Martinez

**Secretaria – Interventora:** Paula Diaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### ORDE DO DÍA

**1 Aprobación se procede, das actas 2020/2 do pleno ordinario reunido o día 28/02/2020 e a acta 2020/3 do pleno extraordinario reunido o día 10/03/2020.** A Alcaldía pon de manifesto que por erro non se enviou a copia das actas e da un tempo a os concelleiros para que procedan a súa lectura antes da aprobación. Os concelleiros por unanimidade dos asistentes aprobaron as actas anteriores.

**2.- Sorteo para designar os membros das mesas electorais para a xornada electoral do día 12 de xullo de 2020. Unha vez realizado o sorteo por medios informativos facilitados pola Deputación da Coruña, o resultado foi o seguinte:**


#### Distrito Primeiro - Sección Primeira - Mesa A

**Presidente:** Maria Elena Fernández Casal

**1º Vocal:** Beatriz Garcia Rodriguez

**2º Vocal:** Amelia Monserrat Duran Méndez

**1º suplente Presidente:** Enrique Graña Aneiros



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

2º suplente Presidente: Maria Angeles Piñon Pérez

1º suplente Vocal 1º: Isabel Perez Prados

2º suplente Vocal 1º: Luisa Gomez Saavedra

1º. suplente Vocal 2º: Luciano Gomez Lamigueiro

2º suplente Vocal 2º: Benigno Piñon Pérez

### **Distrito Primeiro - Sección Primeira - Mesa B**

**Presidente: Sandra Martínez Martínez**

**1º vocal: Juan Santalla Blanco**

**2º Vocal: Sergio Martinez Ramil**

1º. suplente Presidente: Raquel Figueiras Loureiro

2º suplente Presidente: Sara Garcia Diaz


1º suplente Vocal 1º: Jose Raul Blanco Pato

2º suplente Vocal 1º: Sonia Maria Lorenzo Martinez

1º suplente Vocal 2º: Juan Jose Graña Pato

2º suplente Vocal 2º : Diego Graña Perez

**3.-Proposta de aprobación do pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía. Exp Tedec 2020/G006/000014.** Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: **Antecedentes administrativos** A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020. A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático. O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático. Para alcanzar estes obxectivos,




## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES. O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable. Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais. A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes. Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde Concello de Cerdido recoñezo que o noso compromiso esixe:Un liderado político forte:Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos. Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;Un enfoque territorial integral e intersectorial. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios. O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética. Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados. Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu D Benigno Galego Castro alcalde desta Corporación, comprométo-me a:Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004


sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación. Polo **que se propón a adopción dos seguintes acordos:** A adhesión do Concello de Cerdido ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea. Facultar ao Alcalde de Cerdido a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución. Cerdido, 03 de xuño de 2020. **Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a moción anterior.**

**O alcalde** explica que a día de hoxe hai mais de douscentos concellos adheridos, a idea nun principio da Unión Europea, era involucrar aos concellos mais grandes, pero os pequenos concellos tamén temos moito que facer neste tema, o compromiso que se adquire é a redución dun 40% das emisións de CO<sub>2</sub>, para frear o cambio climático, é un compromiso que debemos liderar entre todos, o motivo de realizar este pleno a esta hora, é poder tramitar as axudas para a elaboración do PACE S, que acaba o día de hoxe.

**O Concelleiro Alberto Rey Paz**, explica que lle parece ben o asunto e anuncia que votará a favor da proposta.

**O Concelleiro Candido Prieto Lago**, explica que existe unha axenda 2030 implantada a nivel mundial para reducir CO<sub>2</sub> e debemos involucralos todos.

**4.- Proposta da Alcaldía para ratificar o acordo do Participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concello; POS+ ADICIONAL 1/2020 da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación. Exp Tedec 2020/A008/000009. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte : Antecedentes de feito .1- Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2020” da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 publicado no BOP do día 05/05/2020. Lexislación aplicable .Lei 7/1985, de 2 de abril de bases de réxime local .Esta Alcaldía, propón a ratificación do Decreto da Alcaldía 82/2020 de data 28.05.2020 que se copia deseguido :**



# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004


1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19			19.144,31 €
<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19</b> Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020</b> (A)	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b> (B)	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b> (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
f) Adquisición de medios de prevención (EPI).	9.144,31 €	0,00 €	9.144,31 €
i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.	10.000,00 €	0,00 €	10.000,00 €
<b>T O T A L</b>	<b>19.144,31 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>19.144,31 €</b>

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.” **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior .**

**O alcalde** explica que se vai adicar unha cantidade de 9000,00 para adquisición de EPIS e outra de 10.000,00 € para desinfección de mobiliario , rúas , contenedores e outros lugares públicos .

**5.- Proposta de aprobación a ratificación da participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) ;POS+ ADICIONAL 2/2020 da Deputación Provincial da Coruña. Exp Tedec**



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

**2020/A008/0000010.** Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Antecedentes administrativos .Antecedentes administrativos :Bases do POS+adicional 2/2020 para gasto corrente/investimentos financeiramente sostibles , publicadas no BOP 05/05/2020. **Lexislación aplicable** .Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases de Réxime Local .Esta Alcaldía propón a ratificación do Decreto da Alcaldía 85/2020 do 29.05.2020 no que se acorda: 1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ADICIONAL 2/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

### A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	<b>41.689,08</b>

### B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:


Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora rede abastecemento na Campeira ( Cerdido)	30.102,09	0,00	30.102,09
<b>TOTAL</b>	<b>30.102,09</b>	<b>0,00</b>	<b>30.102,09</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

### C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	41.689,08		
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00	0,00	0,00
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	30.102,09	0,00	30.102,09
<b>TOTAL</b>	<b>71.791,17</b>	<b>0,00</b>	<b>71.791,17</b>

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias. 3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera. 4.- Solicitar da Deputación Provincial



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004


da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe. 6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”**Os membros do Pleno por unanimidade dos asistentes prestaron aprobación a proposta anterior .**

**O alcalde** explica que se vai a adicar 41.689,00 € a gasto corrente e 30.102,00 € a unha obra de abastecemento na Campeira , así durante todo o ano 2020 coa execución desta obra e a anterior do Pos , preténdese cambiar a rede , por outra de fundición para evitar así as contiuas averias por exceso de presión .

**O concelleiro Alberto Rey Paz** , pregunta si a obra está empezada .

**O alcalde** responde que no , que esta pendente dunha autorización de Augas de Galicia e o que se pretende e sacar as dúas obras a vez .

**6.-Solicitud de subvención para proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014- 2020. Exp Tedec 2020/A008/000011.** Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: En consonancia co Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable e dada as deficiencias detectadas na alumeado publico tras a auditoría enerxética realizada , dende esta Alcaldía preténdese una renovación total do alumeado publico coa reforma de todos os centros de mando e adecualos na súa totalidade ao Regulamento Electrotécnico para baixa tensión e instrucións técnicas complementarias (ITC) , incluíndo a instalación de elementos de protección dos novos equipos, conexións e limpeza, e a utilización de medios auxiliares así como a colocación dun sistema integrado de xestión e eficiencia enerxética e a **optimización da potencia contratada nos suministros eléctricos así como todo o alumeado utilice tecnoloxía LED así como dispositivos de control electrónico e para poder realizar todo este investimento propoño a aprobación o plan** de subvenciones a proxectos singulares de entidades locais que favorezan el paso a una economía baixa en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecemento sostenible



## Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

2014-2020 co proxecto, regulado polo Real Decreto 616/2017 , de 16 de xuño polo que é necesario adoptar este acordo , unha vez coñecido o informe de secretaria-intervencion que aparece no expediente administrativo : **Primeiro** : Participar na concesión directa de subvenciones a proxectos singulares de entidades locais que favorezan el paso a una economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostenible 2014-2020 co proxecto “: Renovación total das instalacións de iluminación exterior municipal do Concello de Cerdido (A Coruña) incluído na medida 6 e e aceptar expresamente o procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017 , de 16 de xuño, polo que se regula la concesión directa de subvencions a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostenible 2014-2020 .**Segundo** : Realizar un compromiso de habilitación presupuestaria polo totalidade do proxecto unha vez que sexa concedida la resolución de concesión de subvención polo IDAE, tanto pola parte correspondente a resolución favorable da concesión da subvención, como pola parte correspondente a achega municipal. **Terceiro** :Aprobar a memoria descriptiva do proxecto denominado “: Renovación total das instalacións de iluminación exterior municipal do Concello de Cerdido (A Coruña) incluído na medida 6 , que aparece no anexo I deste acordo .**Cuarto** : Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable e o compromiso de dotación presupuestaria para levala a cabo , condicionada a cofinanciación FEDER para levala a cabo **Quinto** :Declarar que o Concello de Cerdido :1.º Atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.2.º Non se atopa en ningunha das situacións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencions, facendo mención expresa respecto a a inexistencia ou fiel cumprimento das súas obrigacións de reintegro doutras subvencions ou axudas, conforme aos termos establecidos no artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencions, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo: 1.ª Ten suficiente capacidade administrativa e de xestión e de comunicación electrónica. 2.ª Ten capacidade suficiente para cumprir as condicións para o acceso á convocatoria, en relación a prazos límites de execución das actuacións, normativa de aplicación, información financeira e doutro tipo que ha de conservar, comunicar e facilitar cando sexa requirido. Os **membros do pleno por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior** .

**O alcalde** explica que con este investimento pretendese cambiar todo o alumeadado público a led así como os cadros de mando que actualmente non cumpren a normativa de seguridade , a reduccion de toneladas de CO2 a 31/12/2023 sería de 1152 toneladas de CO 2. É un investimento moi importante , a subvención é o total do 80% de todos os gastos e o concello achegaría o 20% e se comenta que para o ano que ven a achega en Galicia sería do 50% por parte de FEDER e o 50% por parte do concello .






## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

**O concelleiro Alberto Rey Paz** anuncia o seu voto a favor e engade que esta deacordo con todas as medidas ambientais .

**7.- Modificación presupuestaria crédito extraordinario financiado co Remanente de tesoureira. Expediente TEDEC 2020/T002/00004.** Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :**Núm. TEDEC** :2020/T002/000004 **Tipo de modificación** :Suplemento e crédito extraordinario **Recursos** :Remanente de Tesoureira para gastos xerais Vista a relación de gatos que se pretende realizar neste expediente de modificación de créditos , xustificado nas seguintes necesidades : **1.--** Suplementar a aplicación orzamentaria 1531,619.00 para poder realizar melloras en camiños municipais con fondos municipais . Non existindo vinculación xurídica sen mermar a execución doutros proxectos , para facer fronte a un gasto de 70.000,00 € para facer fronte a este investimento **.2.--**Suplementar a aplicación orzamentaria 161,623,01 para poder realizar investimento novas en instalacións de abastecemento de auga por un importe de 25.000,00 € .Non existindo vinculación xurídica por € para facer fronte a este investimento , sen mermar outros proxectos **.3.--**Suplementar a aplicación orzamentaria 160,633,01 para poder realizar novos investimento en saneamento non previstos no orzamento por un importe de 20.000,00 €**.4.--**Crear unha nova partida 1720 632.00 para poder realizar rehabilitacións en varios lavadoiros municipais por importe de 25.000,00 €**.5.--**Crear unha nova aplicación presupuestaria / 133. 600/ Ordenación del tráfico e estacionamento por un importe de 11.000,00 € para mercar terreos para realizar un aparcamento na parroquia dos Casás **6.--**Crear unha aplicación presupuestaria para 442 625/ Transporte colectivo de viaxeiros Marquesiñas por un importe 10.000,00 €para a adquisición de varios refuxios para viaxeiros.**7.--**Crear unha aplicación presupuestaria 920 227.02 Administración xeral para poder realizar unha Taxación terreos, da casa de turismo rural e maquinaria para venda por un importe de 6.000,00 € **.8.**Suplementara a aplicación presupuestaria -920 226.04 para gastos Xurídicos por un importe de 20.000,00 para o estudio da cuestion de propiedade da Fraga dos Casás **.9.**Crear unha aplicación presupuestaria -430 47900 Administración xeral de comercio , turismo e pequenas empresas por un importe de 60.000,00 € para axudas ao comercio e empresarios municipais ante a situación da crise do Covid -19.**10.** Crear unha aplicación presupuestaria 165 623,00 Alumeado público por un importe de 15.000,00 € para novos investimentos en alumeado público **.11.--** Suplementar a aplicación presupuestaria 920 626 Adquisición de equipamento oficina por u importe de 12.000,00 € para equipos informáticos e fotocopiadoras .E, unha vez tramitado o expediente administrativo e considerando o disposto no informe da secretaria-interventora do día 08.06.2020 e atendendo o disposto nos artigos 177.2 do Texto Refundido da lei 39/1988, de 28 de decembro reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 , o artigo 37 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril os artigos 8 e 9 das bases de execución do actual presuposto municipal. Esta Alcaldía, propón a adopción do seguinte **ACORDO:Primeiro:** Aprobar a modificación de crédito, suplemento de crédito 2020/T002/000004 no vixente presuposto municipal con cargo o remanente de tesourería para gastos xerais segundo seguinte resumo:



# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

## GASTOS

Aplicación orzamentaria		Area de gasto	importe
1531	619.00	Acceso a núcleos de poboación (Vías)	70.000,00 €
161	623.01	Abastecemento domicilio auga a domicilio	25.000,00 €
160	633.01	Saneamento	20.000,00 €
1720	632.00	Protección de medio ambiente	25.000,00 €
133	600	Ordenación del tráfico e estacionamento	11.000,00 €
442	625	Transporte colectivo de viaxeiros Marquesiñas	10.000,00 €
920	227.02	Administración xeral .(Taxación, casa e maquinaria para venda)	6.000,00 €
920	226.04	Administración xeral .Asesoría Xurídica	20.000,00 €
430	47900	Administración xeral de comercio , turismo e pequenas empresas	60.000,00 €
165	623,00	Alumeado público	15.000,00 €
920	626	Adquisición de equipamento oficina	12.000,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>274.000,00 €</b>

Alta en concepto de Ingresos


Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
87000	Remanente de tesoureira para gastos xerais	274.000,00€
<b>TOTAL INGRESOS</b>		

**Segundo:** Proceder a seguir os trámites que establece a lexislación vixente en relación a tramitación deses expedientes, procedendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. .O Alcalde, Benigno Galego Castro. **Os membros do pleno por maioría en votación ordinaria aprobaron a proposta anterior.** Cinco votos a favor dos concelleiros Candido-Eusebio Prieto Lago ,Patricia Santalla Perez,Marina Tojeiro Martinez,David Prada Aneiros,e o voto do Alcalde , Benigno Galego Castro e dúas abstencións dos concelleiros ,Alberto Javier Rey Paz e Maria-Amalia Diaz Rodriguez

**O concelleiro Alberto Rey Paz** , afirma que a maioría dos puntos da modificación de crédito son gastos previsibles e non entende porque non van no presuposto inicial do Concello

**O alcalde** explica que a principio de ano fai unha estimación de gastos e ingresos . Ata que se faga a liquidación no mes de febreiro non se sabe cal vai a ser o remanente de tesoureira , antes se inclumplia na regra do gasto pero unha vez realizado unha corrección nos axustes , agora se cumpre , non se pode incorporar no presuposto municipal , porque nese momento non se sabe cal vai a ser o remanente de tesoureira .Hai puntos que non se vai a executar , pero xa se preveen agora porque a tramitación dura mes e medio ,agora se incorporan as partidas que están baixas .

**O concelleiro Alberto Rey Paz** , pregunta como se van a repartir os 60.000,00 € en axudas e



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

anuncia a abstención no asunto polo contido do informe da secretaria .

**O Alcalde** explica que unha vez aprobado este expediente , redactaranse as bases

**A concelleira Amalia Diaz Rodriguez** apunta que coa aprobación deste expediente , pretendese a venda da casa de turismo rural e pregunta que pasa coa Fraga dos Casas


**O alcalde** contesta que si se pretende valorar a casa de turismo rural para a súa venda e en relación a fraga dos Casas , a propiedade esta inscrita no rexistro de propiedade como de titularidade municipal pero a Xunta de Galicia nos anos 80 ,inscribiu a parcela como monte en man común , polo que debe ser un xuíz quen determina a propiedade .

### Control dos órganos de goberno

**8.-Dar conta dos Decretos da Alcaldía .** O alcalde invita a os concelleiros a que fagan algunha consulta a seguinte relación de decretos .

Relación de decretos aprobados pola Alcaldía. Dar conta da relación de decretos aprobados pola Alcaldía

Nº	Data	Asunto
27/2020	21-02-2020	Modificación presupuestaria 01/2020 . incorporación de remanentes
28/2020	21-02-2020	Decreto para substituír vacacións de persoal de axuda no fogar
29/2020	24-02-2020	Aprobación da certificación num 1 e final da obra :_Abastecemento no Piñeiro
30/2020	24-02-2020	Solicitude de subvención a Deputación Provincial da Coruña para o Mantemento do persoal técnico en animación sociocultural
31/2020	24-02-2020	Alta no padrón municipal de habitantes en Vila da Igrexa, 1, Cerdido
32/2020	24-02-2020	Convocatoria do pleno ordinario de febreiro
33/2020	24-02-2020	Solicitude de aula para un curso de formación do Plan Agrupado 2020 da Deputación da Coruña
34/2020	26-02-2020	Ordenación de gastos facturas 0001/2020 a 0188/2020, nóminas seg. social, e outros
35/2020	27-02-2020	Contrato menor para a dilección de obra :Reparacións no Polideportivo municipal
36/2020	28-02-2020	Axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) código de procedemento TR351G
37/2020	02-03-2020	Adxudicación da obra :Reparacións no Polideportivo Municipal
38/2020	03-03-2020	Contrato Menor para a redacción dos proxectos de obra para presentar o Plan Marco de Mellora de camiños rurais 2020-2021 AGADER
39/2020	03-03-2020	Contrato Menor para realizar unha conferencia sobre igualdade;O día que as mulleres gobernemos o mundo todo será distinto; de Chévere a celebrar en Cerdido o día 24 de marzo de 2020
40/2020	03-03-2020	Reserva de instalacións: Escola de Avispeira para asemblea xeral de socias
41/2020	03-03-2020	Reserva de instalacións: Escola de Avispeira para un taller de maquillaxe
42/2020	04-03-2020	Decreto para presentar unha solicitude dentro da convocatoria do Programa de




## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

		socorrismo dirixido aos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2020.
43/2020	05-03-2020	Pleno extraordinario sorteo membros da mesa
44/2020	05-03-2020	Contrato Menor para a realización dunha charla informativa-coloquio de sensibilización e prevención sobre a violencia de xénero.
45/2020	06-03-2020	Relación de recibos correspondentes ó mes de febreiro do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
46/2020	06-03-2020	Decreto para a contratación de persoal para cubrir vacacións sad
47/2020	06-03-2020	Contrato Menor de servizo para o control da calidade da auga potable no Concello de Cerdido
48/2020	09-03-2020	Certificación Núm. 1 da Obra: Camiño en Carballal ( Cerdido ) e outros POS +2019
49/2020	09-03-2020	Autorización a Promacer para usar un local de Avispeira para unha xuntanza dos directivos
50/2020	09-03-2020	Solicitude de participacion no Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MR701E). AGADER
51/2020	09-03-2020	Autorización para pechar unha vía municipal e usar a megafonía municipal, vallas e contedores de lixo
52/2020	13-03-2020	Decreto para dar de baixa no inventario municipal un proxector inservible
53/2020	13-03-2020	Decreto de aprobación dos Plan Presupuestario a Medio Plazo 2020-2023
54/2020	13-03-2020	Decreto sobre as medidas a adoptar nos centros de traballo municipais co motivo do COVID -19
55/2020	16-03-2020	Aprobación de facturas número 2020/190 a 2020/290
56/2020	18-03-2020	Suspension do Contrato Menor para realizar unha conferencia sobre igualdade;O día que as mulleres gobernemos o mundo todo será distinto; de Chévere a celebrar en Cerdido o día 24 de marzo de 2020
57/2020	18-03-2020	suspension do Contrato Menor para a realización dunha charla informativa-coloquio de sensibilización e prevención sobre a violencia de xénero.
58/2020	20-03-2020	Suspension do contrato menor de memoria e ximnasia para maiores
59/2020	25-03-2020	Decreto de contratación de persoal para cubrir baixa de SAD
60/2020	31-03-2020	Decreto de aprobación de nóminas de marzo e seguridade social.
61/2020	01-04-2020	Decreto de solicitude de participacion no programa de emprego local ( PEL ) da Deputación Provincial da Coruña
62/2020	07-04-2020	Decretos de contratación de persoal para cubrir unha baixa do persoal de axuda no fogar
63/2020	08-04-2020	Relación de recibos correspondentes ó mes de marzo do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
64/2020	20-04-2020	Modificación presupuestaria xeneracion de crédito . Obras POS 2019 2/ adicional
65/2020	24-04-2020	Contrato Menor de servizos de auditoria enerxética do alumbrado municipal
66/2020	27-04-2020	Licenza de edificación a nome de Sandra Martínez Martínez para ampliación de vivenda unifamiliar en Vila da Igrexa, 37, Cerdido
67/2020	27-04-2020	Suspension del pleno ordinario de abril , motivado pola declaracion de estado de alarma por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo
68/2020	27-04-2020	Decreto de aprobación de facturas de 2020/291 a 2020/393, e outros gastos



## Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

69/2020	04-05-2020	Contrato Menor de suministro de mascarillas
70/2020	07-05-2020	Relación de recibos correspondentes ó mes de abril do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
71/2020	08-05-2020	Aprobacion do expediente de contratación de Obras .Camiño de as Felgosas a Paleira (A Barqueira )e outros
72/2020	08-05-2020	Aprobacion do expediente de contratación da Obra: Camiño de O Covelo as Mestas (Os Casas) e outros POS 2019+ 2/ADICIONAL por maiores achegas
73/2020	15-05-2020	Contrato Menor para o suministro de mascarillas infantiles
74/2020	15-05-2020	Actas de recepción de obras no periodo de estado de alarma ,aprobado por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo,
75/2020	18-05-2020	Modificación presupuestaria 03/2020 :Xeneracion de crédito . Subvencion:PEL 2020 Deputacion Convenio incendios . Xunta de Galicia
76/2020	19-05-2020	Certificacion num 2 e final da obra: Camiño en Carballal ( Cerdido ) e outros Procedemento aberto simplicadisimo , Liciacion electronica POS +2019
77/2020	19-05-2020	Aprobacion da certificacion num 2 e final da obras a :Mellora camiño de Casanova -Os Campos ( Cerdido) Plan AGADER , Mellora de camiños municipais 2019-2020
78/2020	20-05-2020	Contrato Menor para o suministro de mascarillas KN95 NO REUTILIZABLE
79/2020	22-05-2020	Decreto arpbación gastos, fac. 2020/394 a 2020/493, e outros
80/2020	27-05-2020	Convocatoria selección personal laboral temporal ao abeiro do Plan de Integracion Laboral da Deputacion da Coruña 2020 ( PEL -CONCELLOS )
81/2020	27-05-2020	Comisións Informativa especial de contas
82/2020	28-05-2020	solicitude POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do Covid-19
83/2020	03-04-2020	Convocatoria XX Concurso de contos de Cerdido
84/2020	29-05-2020	Autorizacion de cambio de aval bancario no expediente de contratación de Servizo de axuda no fogar por procedemento aberto , tramitacion simplificada , Licitacion electronica
85/2020	29-05-2020	Solicitude do Pos+adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles
86/2020	29-05-2020	Resolución/Acordo de non dividir en lotes o investimento :Mellora rede de abastecemento na Campeira ( Cerdido)
87/2020	03-06-2020	Solicitude Xeral a nome de Asoc de Produtores de Madeira de Cerdido. Solicita: uso de local para el día 4 de xunio desde las 15:30 hasta las 19:30. local: casa de la cultura (Felgosas, S/N - A Barqueira, Cerdido)
88/2020	08-06-2020	Solicitude Xeral a nome de Asoc de Produtores de Madeira de Cerdido. Solicita: uso de local para el día 9 de xunio a las 16:30 hasta las 19:30.
89/2020	08-06-2020	Solicitude conxunta para un centro de transformacion agraria en Moeche

**O concelleiro Alberto Rey Paz** , pregunta polo Decreto 29/2020 para saber si a obra xa está rematada , porque o camiño esta levantado

**O alcalde** explica que se certificou todo o que estaba no proxecto e que é preciso esperar un tempo para que repise o terreo para podelo asfaltar .



## Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

### 9.- ROGOS E PREGUNTAS

**1.- O concelleiro Alberto Rey Paz** , solicita informacion sobre o escrito presentado o dia 30 de abril ,que ainda non se contestou

**O alcalde** explica que dende a paxina do facebook oficial , critican que as medidas non lle parecen axeitadas , tanto polo reparto de mascarillas como a realizacion de fotocopias para as tarefas dos nenos , nesta mesma paxina afirman que os nenos do colexio estan sen calefaccion e os servizos sen limpar , cousa que desmente tanto a Direccion do centro como a Ampa, engade que o seu metodo de facer oposicion é criticar por criticar e criticar con mentiras , e non é un insulto porque é a verdade , consiguese amañar os aseos do colexio e decides que é polo voso traballo ante a Delegacion de Educación e que o Psoe de Cerdido non fixo nada , cando se mandaron decenas de escritos e se falou mil veces con Indalecio Cabana. Decides que dende Benigno Galego é alcalde , quitouse a cuadrilla de incendios cando se quitaron no ano 2005 , todo esto é mentira e non entende de onde sacan a información . Noutra publicacion dicen que o goberno do Partido Polupar deixou uns proxectos en execucion como o peche perimetral do colexio e nas instalacions deportivas , estos proxectos tiveronse que modificar na súa totalidade porque non cumprían ningunha medida de seguridade , tamen decides que o actual alcalde non foi veciño ata que se presentou de candidato cando levo censado en Cerdido dende o ano 1996 e a primeira vez que me presenteí foi no ano 2003. Todo o que decides é mentira , estos datos podense comprobar no padron . Tamen decides , non sei si por ignorancia que non se solicitou ningun obradoiro de emprego , cando é necesario para solicitar ter un minimo de 300 parados no concello e por suerte non chegamos a este numero , Todo isto é criticar por criticar , falan da débeda do Estado con Cerdido , cando se explicou no pleno e se remitiu toda a documentación , no hai debeda senon liquidacion sobre achegas mensuais que as veces dan a devolver e outras a ingresar e lle lembro que se ofreceu a pagar do seu bolsillo o que resultaba . Non sei se é exaxeracion piadosa ou outra mentira ao afirmar que os veciños estan sen televisión , esto non é competencia do concello pero a pesar disto , avisouse a consellería competente que foi a que avisou a RETEGAL , a averia tardouse dous dias en solucionarse ademais do problemas de resintonación que teñen os veciños a os que se avisó para que chamaran a un telefono dado que tiñan que poñer un filtro . Criticase a piscina decindo que costaria mais poñela en funcionamento que se siguese funcionando e me gustaria coñecer ese estudo economico , en relacion ao paseo do rio Pontellas é certo que ten verdin e hai que amañalo , pero no actual estado de alarma e sen traballadores municipais , uns con reduccion de xornada , outros teletrallando ou de baixa , non creemos que sexa o mais importante que facer , entende que é vergonzoso que se aproveite esta situacion para facer estas críticas .



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004


O escrito foi presentado o día catro de maio de 2020 as 12,08 horas e non o día trinta de abril, é outra mentira, neste escrito falase da insuficiencias das medidas adoptadas cando dende o día dezaste de marzo, ofrecese a posibilidade aos veciños para axudar para a compra de alimentos ou medicamentos, critican que a xente se desplazara ao concello para o reparto de mascarillas, cando a Xunta tamen as repartía a través das farmacias polo que a xente tamen se tiña que desprazar as farmacias, engade que esta cansado dunha oposición vergonzosa que está facendo, o día cinco de maio as 12.49, un día despois de presentar o escrito, estivemos falando por teléfono durante oito minutos, chamada onde se explicaba o reparto das mascarillas, non se contesta o escrito porque se explicou todo na chamada de oito minutos onde se lle dixo que podía chamalo cando quixera.

En relación a outra información pública, quere engadir que non se discrimina a ninguén e menos a súa irmá, o negocio que esta o seu carón, solicitou pantallas e levouse a ela soamente porque o principio non había moitas e había que priorizar.

Os veciños non son tontos, neste doules a razón, e por iso o día 15/06/2019 volveron a eleirme alcalde e saben quen traballa polo concello, e anuncia que como sigades así non vai calar e gobernarei e farei oposición a oposición, a partir de agora mentira que digades, mentira que desmentirei. Con todo isto dou por contestada a pregunta

O **concelleiro Alberto Rey Paz** explica que a pregunta segue sen contetar, en relación as deficiencias do colexio, transmitimos a información que non dan os profesores e a Dirección do centro, dixeronos que a calefacción era insuficiente e que se debería renovar, os aseos reformáronse grazas a nosoutros despois do accidente dun neno, xa que contactamos coa Consellería para que fixeran esta obra, é entente que era competencia de concello porque son obras de mantemento, en relación as obras presupostadas polo goberno do partido popular, non dubido que teríades que modificar o proxecto, pero a obra estaba presupostada cando gobernaba o partido popular, e isto é certo. Dende o concello sacouse un listado de obras como conseguidas polo voso mandato, cando as obras xa estaban presupostadas no goberno do Partido Popular. Entende que o comentario persoal, en relación a participación de tributos do estado amosa a súa mala sangue, entende que non se pode meter na acta todo o que se dice, como outros comentarios persoal sobre con quien xogo os cartas.

A **concelleira Marina Tojeiro Martínez** fai unha alusión a unha fotos do paseo e que no Concello hai tres parroquias.



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004


**A concelleira Amalia Diaz Rodriguez** afirma que en relacion ao asunto da television o técnico chamou a sua casa porque lle deron dende o concello o meu telefono , pero o que se quere transmitir é o desasosiego da xente e se o veciño se queixa o concello debe dar tralado das queixas , en relación o tema do paseo hai que recoñecer que está mal , asi como da piscina o que se pretende é que non se abandone .En relacion as fotos do paseo que aparecen no meu facebook , son de hai tres anos . Debese falar con argumentos , a todos os asuntos importante votamos que si , non decimos non por non , o tema do xeparque que estaba fora da lei , e sacastes a noticia de que se aprobou por unanimidade cando non é certo .

**O concelleiro Candido Prieto Lago** explica que foi el quen lle deu o telefono ao técnico de Retegal para facer as comprobacións , o final das probas realizadas o técnico de Retegal chamou para pedir desculpas polo erros cometidos .

**O concelleiro Alberto Rey Paz** , afirma que as fotos do paseo saqueinas eu e que estiven por todo o concello , nas tres parroquias e tamén fun as Mestas , entende que isto todo é pola falta de información pola vosa parte , o escrito terá data de rexistro de 5/5 pero o arquivo e de data 30/4 , o escrito non se contestou formalmente , falas da conversación que tivemos , pero no dis que por WhatsApp , de principios de abril ofrecinme para todo o que fixera falta e que me chamaras cando quixeras , en relación ao tema das mascarillas ven porque varias persoas non se lle repartiron e se lles dixo que tiñan que ir ao concello a buscalas , non me dis nada do numero de contaxiados , nin das medidas sanitarias adoptadas , nin das medidas económicas , nin do servizo de axuda no fogar , nin das necesidades educativas , en relación a xestoria non entende porque se levan pantallas a peluqueira e non a xestoria , e tivo que ir ata ao concello a buscalas . Afirma que quere que quede claro que en ningún caso mentimos , é vosa opinión en contra da nosa

**O alcalde** explica que en relación a piscina é mellor deixala con auga todo inverno que baleirala ,o anterior goberno baleirou a piscina no inverno e cederon os muros e houbo que investir cerca de 15.000,00 para amañala , a auga verde da piscina está como noutras piscinas do contorno , como a de As Somozas . En relaciona o numero de contaxios , non se dan datos dende Sanidade , en relación as medidas económicas , no momento da conversación no estabamos estudando as diferentes medidas que se podían aprobar , en relación a axuda a domicilio se dixo que repartiran mascarillas nos seus domicilios en relación as medidas educativas puxemos en contacto co centro de Cedeira e de Cerdido e dixeronos que no había problemas e conexión e que non envían tarefas que precisaran fotocopias , nesta chamada falouse de todo isto e anuncia que no vindeiro pleno contestarase a todo con documentación , En relación a pantalla levada a peluqueria , foi ela que se puxo en contacto co centro de saúde e de alí a derivaron ao concello , primeiro recolleu unha pantalla no concello e despois solicitou outra para a empregada e neste caso levouse alí , despois





## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2020/G010/000004

xa houbo mas pantallas e se repartiron , nun primeiro momento soamente houbo 18 pantallas que se repartiron entre o persoal municipal e empresas como panaderías

**2.- A Conselleira Amalia Diaz Rodriguez** pregunta a Alcaldía polo camiño de Barrosa a Regueirolongo que esta intransitable , e é moi usado polos veciños

**O alcalde** afirma que é un camiño forestal , en relación a curva ancheouse 1,5 metros e se asfaltou o que se pudo .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levantou a sesión sendo as doce horas do dia quince de xuño do ano 2020 . Do que eu como secretaria , dou fe .